

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN FÍSICA
DO IES AS BIZOCAS, CURSO 2019-2020



CÓIDATE, COIDAOS

INDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles	Páxina 3
2. Avaliación e cualificación	Páxina 10
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)	Páxina 13
4. Información e publicidade	Páxina 15

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

1. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

No seguinte apartado descríbese como quedan, tanto **o perfil do área** como **o perfil de competencia** para cada un dos catro cursos da ESO, nas actuais circunstancias, reflectíndose só os estándares e competencias considerados imprescindibles, que debería desenvolver o alumnado.

A pesares de que algúns dos estándares básicos non se relacionan con **competencias como a dixital e a lingüística**, estas, polas propias características da situación que estamos vivindo, van ser transversais a todos os estándares en todos os cursos debido por un lado, a que os medios de comunicación co alumnado van ser de carácter dixital (correo electrónico, uso de diferentes plataformas para acceder a información, para recibir e mandar documentos, etc..) e por outro, a que o alumnado vai precisar comunicarse constantemente de forma escrita e/ou verbal co profesorado na realización de todas as tarefas.

No caso de 4º ESO, a competencia de aprender a aprender non aparece recollida no perfil de área, sen embargo, dada a necesidade que esta situación excepcional traslada ao alumnado de organizarse, xestionar a súa aprendizaxe e persistir nela, é evidente que é unha competencia imprescindible que van ter que desenvolver para resolver con éxito académico esta situación.

PERFIL DO ÁREA ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES EN <u>1º ESO</u>	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PERFIL DE COMPETENCIA COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES							
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	TOTAL
EFB1.1.2 Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión de acordo cos contidos que se vaian realizar, seguindo as orientacións dadas	B1.1				x	x			2
1º-EFB1.2.2 Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos	B1.2					x			1
EFB1.3.1 Coñece e identifica as posibilidades que ofrece o seu contorno próximo para a realización de actividades físico-deportivas	B1.3					x			1
1º-EFB1.3.3 Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual	B1.3					x			1
1ºEFB1.5.1 Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son etc.) como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable	B1.5	X		X					2
1º-EFB3.1.1 Distingue de xeito básico o impacto que pode ter a alimentación nun estilo de vida saudable	B3.1		x						1
1º-EFB3.1.2 Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora da condición física.	B3.1		x		x				2
1º-EFB3.2.1 Iníciase na participación activa das actividades para a mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu	B3.2				x				1
1º-EFB3.2.3 Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	B3.2		x				x		2
TOTAL 9 ESTÁNDARES		1	3	1	3	4	1	0	13
		8%	23%	8%	23%	30%	8%	0%	100%
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	

PERFIL DO ÁREA ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES <u>2º ESO</u>	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PERFIL DE COMPETENCIA COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES							
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	TOTAL
2ºEFB1.1.2 Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de xeito básico, tendo en conta os contidos que se vaian realizar.	B1.1				X	x			2
2º-EFB1.2.2 Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos	B1.2					x			1
2º-EFB1.3.1 Coñece as posibilidades que ofrece o contorno para a realización de actividades físico-deportivas axeitadas á súa idade	B1.3					x			1
2º-EFB1.3.3 Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual	B1.3					x			1
2º-EFB1.5.1 Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade, como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable	B1.5	x		x					2
2º-EFB3.1.2 Relaciona diferentes tipos de actividade física e alimentación co seu impacto na súa saúde.	B3.1		x						1
2º-EFB3.1.4 Adapta a intensidade do esforzo controlando a frecuencia cardíaca correspondente ás marxes de mellora dos principais factores da condición física.	B3.1		x						1
2º-EFB3.2.1 Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	B3.2				x				1
2º-EFB3.2.3 Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	B3.2				x		x		2
2º-EFB3.2.4 Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física saudable, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	B3.2				x				1
		1	2	1	4	4	1	0	13

10 estándares	7,6%	15,3%	7,6%	30,7%	30,7%	7,6%	0%	100%
	CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	

PERFIL DO ÁREA ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES 3º ESO	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PERFIL DE COMPETENCIA COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES							
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	TOTAL
3ºEFB1.1.2 Prepara e realiza quecementos e fases finais da sesión, de acordo co contido que se vaian realizar, de forma autónoma e habitual	B1.1					x			1
3º-EFB1.1.3 Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias dificultades	B1.1					x			1
3º-EFB1.2.2 Colabora nas actividades grupais, respectando as achegas das demais persoas e as normas establecidas, e asumindo as súas responsabilidades para a consecución dos obxectivos	B1.2					x			1
3º-EFB1.3.1 Coñece as posibilidades que ofrece o seu contorno para a realización de actividades físico-deportivas	B1.3					x			1
3º-EFB1.3.3 Analiza criticamente as actitudes e os estilos de vida relacionados co tratamento do corpo, as actividades de lecer, a actividade física e o deporte no contexto social actual	B1.3					x			1
3º-EFB1.5.1 Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para elaborar documentos dixitais propios adecuados á súa idade (texto, presentación, imaxe, vídeo, son, etc.), como resultado do proceso de procura, análise e selección de información salientable	B1.5	x		x					2
3º-EFB3.1.1 Analiza a implicación das capacidades físicas e as coordinativas nas actividades físico-deportivas e artístico-expresivas traballadas no ciclo	B3.1		x						1
3º-EFB3.2.1 Participa activamente na mellora das capacidades físicas básicas desde un enfoque saudable, utilizando os métodos básicos para o seu desenvolvemento.	B3.2				x				1

3º-EFB3.2.3 Aplica os fundamentos de hixiene postural na práctica das actividades físicas como medio de prevención de lesións.	B3.2				X		x		2
3º-EFB3.2.4 Analiza a importancia da práctica habitual de actividade física para a mellora da propia condición física, relacionando o efecto desta práctica coa mellora da calidade de vida.	B3.2				X				1
3º-EFB4.1.1 Aplica os aspectos básicos das técnicas e das habilidades específicas, das actividades proposta,, respectando as regras e as normas establecidas	B4.1				x		x		2
3º-EFB4.1.3 Describe a forma de realizar os movementos implicados nos modelos técnicos adaptados.	B4.1				X		x		2
TOTAL 12 ESTÁNDARES EN 3º ESO		1	1	1	5	5	3	0	16
		6,2%	6,2%	6,2%	31,2%	31,2%	19%	0%	100%
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	

PERFIL DO ÁREA ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE IMPRESCINDIBLES <u>4º ESO</u>	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	PERFIL DE COMPETENCIA COMPETENCIAS CLAVE IMPRESCINDIBLES							
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	TOTAL
4º-EFB1.1.3 Prepara e pon en práctica actividades para a mellora das habilidades motoras en función das propias	B1.1					x			1
4º-EFB1.2.1 Asume as funcións encomendadas na organización de actividades grupais	B1.2					x			1
4º-EFB1.2.3 Presenta propostas creativas de utilización de materiais e de planificación para utilízalos na súa práctica de maneira autónoma.	B1.2					x			1
4º-EFB1.4.2 Identifica as lesións máis frecuentes derivadas da práctica de actividade física.	B1.4						x		1
4º-EFB1.4.3 Describe os protocolos que deben seguirse ante as lesións, os accidentes ou as situacións de emerxencia máis frecuentes producidas durante a práctica de	B1.4						x		1
4º-EFB1.6.1 Procura, procesa e analiza criticamente informacións actuais sobre temáticas vinculadas á actividade física e a corporalidade, utilizando recursos tecnolóxicos.	B1.6	x		x					2
4º-EFB1.6.2 Utiliza as tecnoloxías da información e da comunicación para afondar sobre contidos do curso, realizando valoracións críticas e argumentando as súas conclusións.	B1.6	x		x					2
4º-EFB1.6.3 Comunica e comparte información e ideas nos contornos e soportes apropiados	B1.6	x		x					2
4º-EFB3.1.1 Demostra coñecementos sobre as características que deben cumprir as actividades físicas cun enfoque saudable e os beneficios que proporcionan á saúde	B3.1		x						1
4º-EFB3.1.3 Relaciona hábitos como o sedentarismo ou o consumo de tabaco e de bebidas alcohólicas cos seus efectos na condición física e a saúde.	B3.1		x						1

4º-EFB3.2.2 Practica de forma regular, sistemática e autónoma actividades físicas co fin de mellorar as condicións de saúde e calidade de vida.	B3.2		X						1
4º-EFB3.2.3 Aplica os procedementos para integrar nos programas de actividade física a mellora das capacidades físicas básicas, cunha orientación saudable e nun nivel	B3.2		X						1
TOTAL 12 ESTÁNDARES EN 4º ESO		3	4	3	0	3	2	0	15
		20%	26,7%	20%	0%	20%	13,3%	0%	100%
		CCL	CMCCT	CD	CAA	CSC	CSIEE	CCEC	

2.AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

A avaliación e a cualificación do alumnado realizaranse sobre as aprendizaxes desenvolvidas durante os dous primeiros trimestres do curso, así como sobre as actividades de recuperación, reforzo e profundización das aprendizaxes realizadas a partir da declaración do estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre que beneficie ao alumnado.

Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ De observación➤ De experimentación <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none">.Lista control.Rúbrica de control de entrega das tarefas: presentadas en tempo e forma (0,8 puntos); presentadas en forma, fóra de prazo (0,5 puntos); presentadas en tempo pero non en forma (0,3 puntos), non presentadas (0 puntos).Probas obxectivas..Probas de execución.
Cualificación do terceiro trimestre e cualificación final	<ul style="list-style-type: none">➤ Procedemento para obter a cualificación do terceiro trimestre do curso: -Puntuarase sobre 10 puntos o total de tarefas de recuperación, repaso e reforzo requiridas ao alumnado durante o 3º trimestre. As tarefas entregadas puntuarán proporcionalmente o mesmo respecto aos 10 puntos. Unha tarefa non presentada puntuará un 0 na súa porcentaxe correspondente.➤ Procedemento para obter a cualificación final de curso: a-Alumnado co primeiro e co segundo trimestre aprobados. Se a nota do 3º trimestre, facendo media coas notas do 1º e 2º trimestres, mellora a media dos dous primeiros, terase en conta para a nota final do/a alumno/a. Non se terá en

	<p>conta a nota do 3º trimestre, se este empeora a nota media dos dous anteriores.</p> <p>b-Alumnado co primeiro e segundo trimestre suspensos. Dado o carácter maioritariamente de recuperación e repaso das aprendizaxes que se van desenvolver neste terceiro trimestre, se a cualificación que nesta terceira avaliación consiga este alumnado chega ao 5, darase por recuperada a materia, sendo a cualificación final coincidente ca cualificación desta terceira avaliación.</p> <p>c- Alumnado co primeiro ou segundo trimestre suspenso. A nota deste terceiro trimestre será a obtida a través da entrega das actividades que se lle soliciten, segundo as entregue tanto en tempo como en forma. A cualificación final, resultará da media do terceiro trimestre co trimestre que xa tivera aprobado o alumno/a. O alumno/a terá que obter polo menos un 5 na media dos 2 trimestres para dar por aprobada a materia.</p>
<p>Proba extraordinaria de setembro</p>	<p>-Procedementos: de experimentación</p> <p>-Instrumentos: exame escrito sobre os contidos traballados durante o primeiro e segundo trimestres do curso. No caso de que este exame non puidese ser presencial, faríase de forma telemática, na data e hora que se estipule.</p> <p>-Estándares sobre os que se fará a proba extraordinaria de setembro: estándares imprescindibles recollidos nesta programación para o curso do cal se examine o alumno/a.</p> <p>-Cualificación da proba: sobre 10 puntos. O alumnado terá que conseguir unha nota mínima de 5 puntos para dar por recuperada a materia.</p>
<p>Alumnado con materia pendente</p>	<p>.Criterios de avaliación:</p> <p>Se lle ofrecen ao alumnado 2 oportunidades. A segunda só se non aproveita a primeira para recuperar a materia.</p> <p>Primeira. Entregar en tempo e forma, as actividades de recuperación propostas ao alumnado para a superación dos sucesivos trimestres.</p>

Segunda. Superación dunha proba telemática a realizar na penúltima semana do curso (do 8 ao 12 de xuño) en data e hora que se acordará co alumnado, e que abarcará todos os contidos teóricos traballados no curso 2018-2019.

Criterios de cualificación:

-Primeira oportunidade. Alcanzar polo menos unha nota de 5 na media das tres avaliacións. Para elo, cada bloque de actividades propostas ao alumnado, cualificarase sobre 10 puntos.

-Segunda oportunidade. Obter polo menos unha nota de 5 na proba telemática.

.Procedementos de avaliación:

-De experimentación

.Instrumento de avaliación:

-Probas obxectivas (na primeira oportunidade)

-Exame escrito (na segunda oportunidade que se lle ofrece ao alumando)

3. METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>.De recuperación:</p> <ul style="list-style-type: none">➤ 1º ESO: elaboración e entrega dixital de quecementos xerais, de probas de execución para traballar as diferentes capacidades físicas básicas, de análise da pirámide da actividade física, de elaboración de almozos saudables e de probas obxectivas sobre os contidos teóricos da materia.➤ 2º ESO: elaboración e entrega dixital de quecementos xerais, de probas de execución para traballar a forza e a resistencia polos métodos vistos no primeiro e segundo trimestre; actividades de análise da postura e dos coidados que require a columna vertebral; elaboración de pratos saudables seguindo as recomendacións da nova pirámide alimentaria (presentada pola Sociedade Española de Nutrición Comunitaria); actividades de comparación dos seus hábitos cos propostos pola nova pirámide alimenticia e tarefas que lles permitan aprender e afianzar os contidos básicos tratados nos dous primeiros trimestres.➤ 3º ESO: elaboración e entrega de quecementos específicos, de probas de execución para traballar a forza e a flexibilidade por diferentes métodos (autocargas, pequenas sobrecargas, método activo e pasivo); de probas de execución para traballar diferentes tipos de forza; de probas de execución para traballar elementos técnicos do e regulamentarios do bádminton; e tamén de actividades que lles faciliten a aprendizaxe e afianzamento dos contidos teóricos imprescindibles dos dous primeiros trimestres.➤ 4º ESO: elaboración e entrega de quecementos específicos; de probas de execución para traballar a forza, a resistencia e a flexibilidade polos diferentes métodos traballados no primeiro trimestre; de tarefas sobre alimentación saudable; de análise da información contida en diferentes artigos periodísticos e a súa relación ca saúde e os hábitos de vida saudables; e de deseño de xogos alternativos.

	<p>.De repaso e reforzo: dado o alto porcentaxe de aprobados que temos na nosa materia nos dous primeiros trimestres, este será o carácter xeral das actividades plantexadas. Así, as tarefas que se propoñan, para o alumnado con algunha avaliación suspensa, terán carácter de tarefas de recuperación, mentres que para o resto do alumnado terán o carácter de tarefas de repaso e reforzo. Dentro das tarefas de reforzo prevemos algunhas de profundización en contidos de carácter mais teórico que debido a carga horaria da materia e ao seu carácter eminentemente procedimental, non puidemos abordar durante os dous primeiros trimestres.</p> <p>.De ampliación: polo carácter eminentemente procedimental da nosa materia e polo tipo de contidos que estaba previsto traballar na terceira avaliación en cada un dos cursos, creemos que as actuais circunstancias non son propicias para que poidamos ampliar contido, polo que non proporemos tarefas de ampliación da materia, si en cambio de profundización en contidos xa traballados nas dúas avaliacións anteriores que propicien e faciliten o auto coidado do alumnado no ámbito da súa saúde física e psicolóxica, nas particulares circunstancias que estamos vivindo e que tamén poden reproducirse nun futuro.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p>Tendo en conta que no noso centro educativo agora mesmo todo a alumnado ten conectividade, a metodoloxía non vai a diferenciar entre conectividade e non conectividade. Empregaremos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Resolución de exercicios e problemas de carácter disciplinar e interdisciplinar. ➤ Emprego de tarefas definidas, semidefinidas e tamén integradas. ➤ Traballo cooperativo.
<p>Materiais e recursos</p>	<p>. Aula virtual do noso centro.</p> <p>. Blog da materia: efbizocas.blogspot.com</p> <p>. Teléfonos móbiles e ordenadores do alumnado, das súas familias e do profesor.</p>

	<ul style="list-style-type: none"> . Enlaces de youtube para vídeos explicativos e titoriais. . Programa CISCO WEBEX para mantelo contacto co alumnado, facelo seguimento do mesmo e resolver dúbidas . Documentos accesibles nas webs do Ministerio de Sanidade Español e da OMS . Imaxes explicativas de diferentes recursos web. . Tarefas deseñadas pola profesora. . Apuntamentos das unidades didácticas traballadas no primeiro e segundo trimestre.
--	---

4. INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	<p>-A través da aula virtual do centro, dentro do Departamento de Educación Física, as familias poderán consultar este documento e a través do correo electrónico poderán consultar tódalas dúbidas que a súa lectura lles suxira.</p> <p>-O alumnado será informado do contido básico deste documento a través das vídeo chamadas semanais. A través do correo electrónico se lles informará de onde poden consultar este documento ao completo.</p>
Publicidade	A través da aula virtual do centro, dentro do Departamento de Educación Física.

